



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



### ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2022.

Na Cidade de Santiago de Compostela, sendo as Dez horas e cinco minutos do día Dez de Decembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a presidencia de D. Enrique Freire Sobral, presidente da Federación Colombófila Galega e actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, reúnese en segunda convocatoria a Asemblea Xeral de forma ordinaria, asistindo os membros que a continuación se relacionan:

#### **PRESIDENTE:**

D. Enrique Freire Sobral

#### **SECRETARIO:**

D. Manuel Rey San Luis

#### **TESOUREIRO:**

D. José R. Costas Carbajal

#### **ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. MANUEL FERNANDEZ MALLO(C.C. Herculino) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz**

D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)

D. MANUEL CURRAS FERVENZA (C.C.Pombas do Val Miñor) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Enrique García Rodríguez**

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA (C.C. Mensajeras de Cambre)

D. JOSE M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Pombas Mensaxeiras de Nigran)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. JAIME M.LÓPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)

D. ALFONSO M. POZACO GONZALEZ(C.C.Porriño)

D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ria de Pontevedra)

D. JAVIER LAGOA FERNANDEZ (C.C.Pombas Mensaxeiras de Narón)

D. RAMON IGLESIAS FERNANDEZ (C.C.Pombas Da Mariña)

D. CARLOS GARCIA BALBOA (C.C.Pombas do Salnés)

#### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. JESUS O. BUDIÑO PEREIRA

D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ

D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS

D. ANGEL TORRE IGLESIAS



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ  
D. MANUEL VILABOA ALMEIDA  
D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO

Escusan a súa asistencia:  
D. LOIS SEIJO CASTRO  
D. DANIEL RODRIGUEZ DOPAZO  
D. JESUS RODRIGUEZ COSTAS

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación si procede da Acta da Asemblea anterior**
- 2.- Coñecemento do balance económico ao 30/11/2022**
  - **Ingresos FCG, necesidade de actualizar os ingresos da Federación para adecuarse á situación económica actual.**
  - **Propostas económicas por parte do Tesoureiro**
- 3.- Orzamento económico para o ano 2023**
- 4.- Calendario Deportivo e Regulamento Deportivo para o ano 2023**
- 5.- "LIV" Exposición Galega da Pomba Mensaxeira**
  - **Determinación do club organizador**
  - **Invitación ao menú do xantar por parte da FCG aos campións galegos desta tempada.**
  - **Entrega de trofeos tempada deportiva 2022**
- 6.- Exposición Nacional da Pomba Mensaxeira 2022 (Fuerteventura do 10 ao 15 de Xaneiro de 2023)**
- 7.- Aprobación dos resultados deportivos da temporada 2022**
- 8.- Solicitud por parte do Presidente do C.C.Mensajeras del Cantabrico de poder participar o ano que ven para participar coa nosa Federación.**
- 9.- Rogos e preguntas.**



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



### **Primeiro.- LECTURA E APROBACION SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.**

Os asistentes coñecen a acta da reunión anterior de data 13 de Novembro de 2021, non habéndose realizado ningunha obxección á mesma, esta e aprobada polos membros asistentes con 21 votos a favor e 1 voto en contra.

### **Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30-03-22.**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance ao 30-11-2022 dando un rápido repaso ás diferentes contas de gastos e ingresos deténdose nalgunha delas para realizar consideracións sobre as mesmas, sendo aprobado polos membros asistentes con 21 votos a favor e 1 voto en contra.

En relación a este punto, o Sr. Alfonso Pozaco fai unha pequena intervención para comentar que as contas da Federación ao peche de cada exercicio (31 de Decembro) deberían ser aprobadas pola Asemblea Xeral e non pola Comisión Delegada.

Aprobase a cantidade de 9.685.- € para a subvención dos voos desta tempada deportiva por parte de esta Federación.

Acordáse un prezo de 0,80.- € por pomba para o cargo inicial aos clubs para as distintas modalidades deportivas ata a regularización ao final da campaña.

Fai intervención de novo o Tesoureiro para comentar a necesidade de actualizar os ingresos da FCG para adecuarse á situación actual de gastos, sendo necesario prever un aumento dos ingresos que nos permitan sufragar gastos actuais (mantemento da páxina web e programas informáticos), e posibles gastos futuros como poden ser (gastos acondicionamento GPS, penso para as soltas, montaxe de lona e ventiladores para o camiión, etc) para o cal son aprobados os seguintes puntos:

- Pasar aos clubs no 1º trimestre do ano 2023 o cargo correspondente ao mantemento dos programas informáticos e o mantemento da páxina web.
- Realizar dous cargos aos clubs a longo do ano 2023 correspondentes aos gastos xerados por adecuación de camiión e mantemento de sondas e GPS, penso para as soltas, xuíz nacional para a exposición, etc.
- A partida pendente de 2.332,24.- € correspondente á amortización das modificacións realizadas nos camiións, pasarianselle un cargo aos clubs os anos 2023 e 2024.



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tfno.: 605.115.366  
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



O Sr. Mallo pregunta se hai algún compromiso ca persoa que leva o tema de mantemento da páxina web, xa que podería haber unha alternativa a este tema de forma "altruista", quedando de dar unha resposta antes do 10 de Xaneiro do 2023.

### Terceiro.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2023

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao orzamento económico para o ano 2023 sendo aprobado polos membros asistentes con 21 votos a favor e 0 votos en contra e uha Asbstención.

### Cuarto.- CALENDARIO E REGULAMENTO DEPORTIVO 2023

Todos os membros asistentes son coñecedores dos dous calendarios deportivos presentados para a tempada deportiva 20233, un para a Zona Norte e outro para a Zona Sur. Levase a cabo a votación para a aprobación da realización dos dous calendarios sendo o resultado da votación de 22 votos a favor, 0 votos en contra e 0 Abstencións.

Os calendarios deportivos son os seguintes:

#### CALENDARIO DEPORTIVO 2023 – ZONA NORTE

| Enceste  | Solta  | Lugar da solta        | Distancias                      | Cpto. Galego | C.Nacional CORUÑA | C. Nacional LUGO |
|----------|--------|-----------------------|---------------------------------|--------------|-------------------|------------------|
| 04-mar   | 05-mar | BEMBIBRE              | 111/210                         | V- SC        |                   |                  |
| 11-mar   | 12-mar | COMBARROS             | 137/240                         | V - SC       |                   |                  |
| 18-mar   | 19-mar | ASTORGA               | 147/250                         | V - SC       |                   |                  |
| 25-mar   | 26-mar | VALENCIA DE DON JUAN  | 228/302 CORUÑA<br>162/229 LUGO  | MF-M-SC      | Velocidad         |                  |
| 01-abr   | 02-abr | VILLADIEZMA           | 305/387 CORUÑA<br>248/299/ LUGO | MF-M-SC      | M.Fondo           | Velocidad        |
| 08-abr   | 09-abr | LERMA                 | 371/394 CORUÑA<br>337/363 LUGO  | MF-M-SC      |                   | M.Fondo          |
| 15-abr   | 16-abr | BEMBIBRE              | 111/210                         | ENTRENO      |                   |                  |
| 21-abr   | 22-abr | VALENCIA DE DON JUAN  | 228/302 CORUÑA<br>162/229 LUGO  | MD-SC        |                   |                  |
| 21-abr   | 23-abr | SORIA                 | 480/560 CORUÑA<br>421/472 LUGO  | F-M-SL       | Fondo             |                  |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| 05-may   | 06-may | CARRION DE LOS CONDES | 293/317 CORUÑA<br>263/286 LUGO  | MD-SC        | PJ                | PJ               |
| 05-may   | 07-may | ARIZA                 | 534/557 CORUÑA<br>500/526 LUGO  | F-M-SL       | Fondo             | Fondo            |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| 19-may   | 20-may | SORIA                 | 480/560 CORUÑA<br>421/472 LUGO  | MD-SC        | PJ                | PJ               |
| 19-may   | 21-may | EPILA                 | 580/604 CORUÑA<br>549/573 LUGO  | F-M-SL       |                   | Fondo            |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| 08-jun   | 10-jun | GANDESA               | 736/818 CORUÑA<br>678/729 LUGO  | GF-M-SL      | Gran Fondo        | Gran Fondo       |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| DESCANSO |        |                       |                                 |              |                   |                  |
| 05-jul   | 07-jul | LLORET DEL MAR        | 894/984 CORUÑA<br>840/896 LUGO  | GF-M-SL      | Gran Fondo        | Gran Fondo       |



## FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tfno.: 605.115.366  
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



### CALENDARIO DEPORTIVO 2023 - ZONA SUR

| Enceste  | Solta  | Lugar da solta     | Distancias | Cpto. Galego | Cpto. Nacional |
|----------|--------|--------------------|------------|--------------|----------------|
| 04-mar   | 05-mar | PUEBLA DE SANABRIA | 144/195    | V            |                |
| 11-mar   | 12-mar | BENAVENTE          | 221/271    | V            |                |
| 18-mar   | 19-mar | BENAVENTE          | 221/271    | V            |                |
| 25-mar   | 26-mar | TORDESILLAS        | 288/341    | MF-M-SC      |                |
| 01-abr   | 02-abr | TORDESILLAS        | 288/341    | MF-M-SC      | Velocidad      |
| 08-abr   | 09-abr | AREVALO            | 329/382    | MF-M-SC      | Medio Fondo    |
| 15-abr   | 16-abr | A GUDIÑA           | 130/145    | ENTRENO      |                |
| 21-abr   | 22-abr | BENAVENTE          | 257/260    | MD-SC        |                |
| 21-abr   | 23-abr | TARANCON           | 512/565    | F-M-SL       | Fondo          |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| 05-may   | 06-may | TORDESILLAS        | 288/341    | MD-SC        | PJ             |
| 05-may   | 07-may | MONTALVO           | 508/599    | F-M-SL       | Fondo          |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| 19-may   | 20-may | TARANCON           | 512/565    | MD-SC        | PJ             |
| 19-may   | 21-may | REQUENA            | 684/737    | F-M-SL       | Gran Fondo     |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| 08-jun   | 10-jun | GANDESA            | 745/795    | GF-M-SL      | Gran Fondo     |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| DESCANSO |        |                    |            |              |                |
| 05-jul   | 07-jul | LLORET DE MAR      | 924/971    | GF-M-SL      |                |

A continuación fai intervención o Sr. Alfonso Pozaco para saber con que provincia competiría o socio do seu club que ten o palomar en Ourense; Dado que hai outros socios na mesma situación que están en clubs nos que os palomares están situados en outra provincia que non é a do club, aprobouse nesta reunión que nos casos puntuais de socios que concurran nesta problemática determinase unha distancia de máis-menos 15 Km. de distancia entre o palomar de ese socio e o palomar de menor distancia do club afectado para poder competir na provincia do club. Estudárase cada caso de forma particular.

En relación a este tema aprobouse tamén que os socios do club Aires de Lemos que teñen os seus palomares na provincia de Ourense participen pola provincia de Lugo.

Fai intervención o Sr. Maciel Comesaña para comentar que dado que se vai a participar en dúas zonas (Norte e Sur) propón que os gastos de transporte se individualicen por zonas. Como hai discrepancia entre varios membros da Asemblea sobre este tema, levase a cabo unha votación para aprobar esta proposta, sendo o resultado da mesma de 18 votos en contra, 4 votos a favor e 0 Abstencións.



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



O Sr. Fernández Pena comenta con referencia ao punto de solta de Lloret de Mar, que estase a facer esta solta dende a localidade de Blanes, sendo este punto pouco apropiado pola orografía do mesmo, que o máis axeitado sería baixar un pouco máis hacia o Sur para soltar en Canet de Mar, según recomendación do colomófilo catalán Nesple.

Logo de facer comentarios sobre este tema entre os asistentes, chegase ao acordo de que non sería factible para este ano, quedando supeditado a un estudo por parte da Comisión Deportiva para o ano 2024.

Por último e con relación á proposta feita polos representantes dos clubs da Zona Norte en canto ao sistema de puntuación para o Campeonato Galego de Gran Fondo debendose realizar polo sistema utilizado para os campeonatos de España, existindo discrepancias entre os asistentes a este sistema de puntuación, propónse tamén a alternativa de facer as clasificacións para este campeonato polas velocidades acadadas de cada pomba. Levase a cabo a votación para determinar finalmente o sistema de clasificación a utilizar, sendo o resultado da votación:

11 votos a favor de utilizar o sistema de puntuación e 11 votos a favor de utilizar o sistema de velocidade. Fai uso do seu voto de calidade o Sr. Presidente para desempatar a votación, votando a favor de utilizar o sistema de velocidade.

Con respecto ao sistema de clasificacións apróbase baixo a seguinte normativa:

a).- Todos os campeonatos do calendario incluíndo o campeonato de Maratón serán provinciais.

b).- Para elixir o mellor clube de Galicia otorgaranselle 3, 2 e 1 puntos aos 1º, 2º e 3º clasificados respectivamente dos campeonatos provincias "As pomba", e 5, 4 e 3 puntos (por este orden) aos 3 primeiros clasificados de campeonato de Seguridade e Maratón. O Club que teña maior puntuación será elixido o mellor club de Galicia.

c).- Soamente se compitirá a nivel Autonómico nas dúas soltas de Gran Fondo, nun campeonato As Pomba. O premio consistirá nun trofeo para as tres primeiras pombas e con diploma + medalla as sete seguintes pombas. En total serán 10 pombas premiadas.

### **Quinto.- "LIV" EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA**

**a).- Determinación do club organizador e data de celebración.-** Toma a palabra o Sr. Secretario para poñer en coñecemento dos membros asistentes da antigüidade dos clubs para determinar cal será o club organizador da Exposición deste ano, (tal



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



e como se acordara na Asemblea anterior) resultando o club Pombas Mensaxeiras de Vigo como club organizador por ser o máis antigo.

Fai intervención o Sr. David Rodríguez Romero (presidente do club Pombas Mensaxeiras de Vigo) para propoñer de facer a Exposición en Santiago, (téndose que desplazar socios de este club para a montaxe de toda a exposición, evitando de este xeito non cargar de traballo aos socios de Santiago), xa que en Vigo non sería moi doado de localiar un local axeito para levar a cabo este evento nas datas en que se ten que organizar. Logo de facer intervención varios membros sobre este tema, acordouse que o máis lóxico sería de organizala na cidade do club organizador.

A data de celebración sería para o mes de Decembro de 2022, barallando os días 16 e 17 como posibles datas.

Aprobouse nesta reunión o incremento a 1.000.- € a cantidade a subvencionar pola Federación para a organización da exposición.

Para rematar con este punto da Orde do Día o Sr. Secretario fai intervención para comentar a “xustificación” de porqué non se vai a celebrar a Exposición este ano, motivada principalmente pola tardanza en enviar á notificación ao club Pombas Mensaxeiras de Vigo (organizador do evento), por tal motivo e dado o curto prazo de tempo para poder organizala, decideuse non celebrala este ano.

**b).- Invitación ao menú do xantar por parte da FCG aos campións galegos desta tempada.-** Lévese a cabo unha votación para determinar se serán ou non serán invitados os campións galegos desta tempada deportiva ao menú de xantar da entrega de trofeos. O resultado da votación foi: 3 Votos a favor, 18 votos en contra e 1 Abstención, polo tanto non serán invitados ao menú de xantar da entrega de trofeos.

**c).- Entrega de trofeos campaña deportiva 2022.-** Apróbase nesta reunión que a data para entrega de trofeos da campaña deportiva 2022 e o xantar de confraternidad para o día 29 de Xaneiro de 2023.

### **Sexto.- EXPOSICION NACIONAL 2022 (FUERTEVENTURA) DO 10 AO 15 DE XANEIRO DE 2023**

Debido a non ter pombas clasificadas nas distintas modalidades para participar na Exposición Nacional xa que non se vai a celebrar a nosa Exposición, non é posible participar nesta Exposición Nacional.

O Sr. Manuel Currás comenta se non é posible participar con pombas de categoría Sport, dandoselle resposta a esta pregunta que todas as pombas participantes na Exposición Nacional teñen que haber clasificado na Exposición Autonómica.



## FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



### Séptimo.- APROBACIÓN DOS RESULTADOS DA CAMPAÑA DEPORTIVA 2022

Con respecto a este punto e a petición do Sr. Alfonso Pozaco ditas clasificación deberán ser revisadas xa que non está dacordo cas clasificación dos campeonatos Galegos xa que están mal calculados os coeficientes.  
Ditas clasificación serán revisadas.

### Octavo.- SOLICITUDE POR PARTE DO PRESIDENTE DO C.C.MENSAJERAS DEL CANTABRICO DE PODER PARTICIPAR COA NOSA FEDERACIÓN.

O Sr. Secretario da lectura ao mail recibido por parte do Sr. Santiago López Rico (presidente do C.C.Mensajeras del Cantábrico) no que expón a posibilidade de non participación na campaña deportiva 2023 Asturiana, solicitando poder participar en algunha solta coa nosa Federación.

---

#### Solicitud de participación en la campaña deportiva gallega.

1 mensaje

**Santiago López Rico** <[palomarderic@hotmail.es](mailto:palomarderic@hotmail.es)>  
Para: "[secretariafcgalega@gmail.com](mailto:secretariafcgalega@gmail.com)" <[secretariafcgalega@gmail.com](mailto:secretariafcgalega@gmail.com)>

18 de noviembre de 2022, 13:32

A LA FEDERACION COLOMBOFILO GALLEGA.-

Santiago López Rico, Presidente del Club colombófilo Mensajeras del Cantábrico por medio del presente expone: Que ante la posibilidad de la no participación por nuestra parte en la campaña 2023 asturiana, solicitamos de esa Federación Regional valorar la posibilidad de nuestra participación en la campaña gallega teniendo en cuenta las siguientes consideraciones:

- 1.- Nuestra participación sería lógicamente fuera de concurso.
- 2.- Comenzariamos encestando para los fondos con los de la zona norte después de hacer nosotros velocidad y medio fondo por cuenta nuestra.
- 3.- Nuestras palomas serían llevadas bien al club de Terra Cha o al de Viveiro (donde más cómodo nos resulte y menos molestias ocasionemos).
- 4.- Si nuestra participación pudiera ocasionar algún recelo no nos importaría que nuestras palomas fueran soltadas solas, cinco, diez o quince minutos después del bando gallego. Es decir, nuestro interés es poder disfrutar de las palomas sin interferir para nada ante los que si estén compitiendo.
- 5.- Debo resaltar que todos nuestros palomares se encuentran pegados a Ribadeo-Galicia, solo separados por la ría del Eo, salvo el mío propio que se encuentra a 40 kms hacia Asturias en Luarca.

Dando las gracias por anticipado y mil perdones por las molestias ocasionadas, reciban un cordial saludo.

Fdo: Santiago López Rico.

A continuación fai intervención o Sr. Manuel Mallo para comentar que falou co Sr. Rico sobre este tema, expoñendo aos membros asistentes as conversas que levaron a cabo.

A decisión tomada nesta reunión foi a de recabar máis información sobre normativa legal a este tema, entre outros por levar no noso camiión pombas de outra federación polo tema das guías sanitarias.





## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



Para finalizar, o Sr. Manuel Mallo volverá a falar co Sr. López Rico.

### **Noveno.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai rogos e preguntas

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as Trece horas e cincoenta e cinco minutos do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral  
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis  
-Secretario-